

MAGOSTO 2015

Coma outros anos, no CEIP A Solaina quixemos facer unha celebración especial para o **Magosto** tal e como reflexan as imaxes.

Os rapaces/as de sexto curso quixeron preparar unha batería de **xogos populares** para os seus compañeiros de Educación Primaria e tamén para os máis pequenos de Educación Infantil.

Esta celebración comezou despois do recreo e coas castañas que tódolos rapaces /as trouxeron da casa fixemos unha boa enchenta.

Xa co bandullo cheo, cada rapaz e rapaza do cole, probou a xogar aos diferentes xogos populares que tiñan preparados os compañeiros de sexto:

a mariola, a chave, o pano, a petanca, a coroa, a goma, carreira de carolos e carreira de sacos.

